



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 30 DE XULLO DE 2015.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas e trinta minutos do día trinta de xullo de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz

**Non asisten os concelleiros D. Miguel A. Español Otero e D. Manuel Javier Crespo González.**

**Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 2 e 7 de xullo de 2015 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas.

#### **PUNTO 2.- INSTANCIAS DE URBANISMO**

---

Dase conta do escrito RE 4.060 de data 22 de xuño de 2015, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, comunicando a resolución de autorizar a Discoteca Oscar a ampliación do horario de apertura en 30 minutos no periodo comprendido entre o 15 de xuño e 15 de setembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda poñer en coñecemento dos grupos políticos municipais este escrito.

Dase conta do escrito RE 4.751 de data 20 de xullo de 2015, presentado por D. IGNACIO MARTINEZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Calvario, nº 1-2º da Guarda, comunicando o cambio do director de obra, director de execución material e coordinador de seguridade e saúde nas obras con licenza nº 175/1998.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 5.009 de data 30 de xullo de 2015, presentado por DNA. FELISA GARZA VARELA, con enderezo na rúa do Porto, nº 7 da Guarda, solicitando copias do expediente de licenza para hotel de 2 estrelas no lugar de Loucenzas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta da solicitude de cambio de titularidade da licenza de obras nº 260/2003 que figuraba a nome de Hermanos Iglesias Acevedo, S.L., na rúa Carretera o Castro, s/n (parcela 2), con RE 5.018 de data 30 de xullo de 2015, presentada por D. INDALECIO IGLESIAS ACEVEDO, con enderezo no Barrio de Acevedo-Loureira, nº 98 de Oia, para o cal aporta copia simple da escritura de compra-venta

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

### **PUNTO 3.- LICENZAS DE OBRAS**

---

#### **EXPEDIENTE NÚMERO: 1.793/2015.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 24-03-2015 (R.E. nº. 1.793), por **D<sup>a</sup>. BASILIA SOUSA PORTELA** con D.N.I. nº. 35.799.892-A e con domicilio na rúa de Carretera Camposancos nº. 49 de A Guarda-C.P. 36788, para licenza de "REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DE TERRAZA DE VIVENDA UNIFAMILIAR" desenvolvida en (planta baixa e planta baixo cuberta) sita na rúa de Carretera Camposancos nº 49, en Solo Urbano de Núcleo Rural de "Camposancos" (Ordenanza nº. 7 do P.X.O.U.), suscrito polo Arquitecto D. José Luis Vázquez Pérez.

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico de data 28-04-2015 considérase **favorable** ó outorgamento da licenza, si ben con carácter previo ó outorgamento da licenza municipal de obras deberá incorporarse ó expediente a seguinte documentación:

- Folla de Estatística do Ministerio de Fomento.
- Documentación de titularidade da parcela.

Con carácter previo o comezo das obras deberá achegarse ó Concello o **proxecto de execución completo conforme o CTE** que deberá ser aprobado polos servizos técnicos municipais.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 29-04-2015, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconveniente, polo cal informase **favorablemente**, impondo expresamente no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, principalmente, deberá **establecerse como condicionante da eficacia da licenza, que a mesma non surtirá efecto ata que se aporte a documentación de titularidade da parcela e sexa avaliada polos servizos técnicos e xurídicos do Concello, así como a folla estatística do Ministerio de Fomento**, así como deberán imponerse os condicionantes xerais establecidos na lexislación urbanística



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse a interesada, debendo advertirse ó titular da licenza que non poderá comenza-las obras ata que aporte o correspondente proxecto de execución visado polo colexio profesional competente e **se lle dea o visto bo polo oficiña técnica municipal**, sempre e cando houbera cumprido o condicionante antes exposto.

**TERCEIRO.-** Visto o informe xurídico de data 22-07-2015, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte, polo cal informase **favorablemente**, impondo expresamente no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, principalmente, deberá ***establecerse como condicionante da eficacia da licenza, que a mesma non surtirá efecto ata que se agrupen as dúas parcelas que conforman a superficie sobre a que se solicitou licenza e que son as que constan nos títulos de propiedade aportados co escrito de data 21-07-2015, así como se inscriba no rexistro da propiedade***, debendo advertirse ó titular da licenza que non poderá comenza-las obras ata que aporte o correspondente proxecto de execución visado polo colexio profesional competente e **se lle dea o visto bo polo oficiña técnica municipal**, sempre e cando houbera cumprido o condicionante antes exposto.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D<sup>a</sup>. BASILIA SOUSA PORTELA**, licenza para "REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DE TERRAZA DE VIVENDA UNIFAMILIAR" desenvolvida en (planta baixa e planta baixo cuberta) sita na rúa de Carretera Camposancos nº 49, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **CUARTO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

### **EXPEDIENTE NÚMERO: 4.636/2015.**

Examinado o proxecto técnico presentado con data 15-07-2015 (R.E. nº. 4.636), por **HERMANOS IGLESIAS ACEVEDO, S.L.** con C.I.F. nº. B-36.049.740 e con domicilio na rúa de Rocha nº. 11-1º de A Guarda-C.P. 36789, para licenza de "REFORMADO DE PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR CON LICENCIA NÚM. 260/2003, POR INCREMENTO DA SUPERFICIE UTILIZADA NA PLANTA DE BAIXO CUBERTA (VISADO C.O.A.G.: 15-07-2015)" sita na rúa de Carretera O Castro, s/n. (**PARCELA 2**), en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "O Castro" da Parroquia de Salcidos (Ordenanza nº. 9 do P.X.O.U.), subscrito polo Arquitecto D. José Luis Vázquez Pérez.

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico de data 28-07-2015 considérase **favorable** ó outorgamento da licenza solicitada.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 29-07-2015, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte, polo cal informase **favorablemente**, impondo expresamente no texto da mesma os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como deberán imponerse os condicionantes xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse ó interesado.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **HERMANOS IGLESIAS ACEVEDO, S.L.**, licenza para "REFORMADO DE PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR CON LICENCIA NÚM. 260/2003, POR INCREMENTO DA SUPERFICIE UTILIZADA NA PLANTA DE BAIXO CUBERTA (VISADO C.O.A.G.: 15-07-2015)" sita na rúa de Carretera O Castro, s/n. (**PARCELA 2**), de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 4.- OUTRAS INSTANCIAS**

---

Dase conta do escrito RE 5.012 de data 30 de xullo de 2015, presentado por ACIGU, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 de A Guarda, solicitando explicacións respecto á colocación de cartelería do Artbeerfest en Caminha.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que existe un acordo institucional entre os dous concellos para este tipo de colaboracións.

Dase conta do escrito RE 5.013 de data 30 de xullo de 2015, presentado por ACIGU, con enderezo na rúa Agustín Nandín Lomba, nº 4 de A Guarda, solicitando explicacións respecto á colocación de cartelería de Caminha Outlet Stocks.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se ordeou a súa retirada.

Lese o escrito RE 5.016 de data 30 de xullo de 2015, presentado por D. DANIEL PORTELA MACUA, con enderezo na rúa Diego Antonio Gonzalez, nº 16 da Guarda, solicitando a cesión de 10 vallas para o acto que organiza o Fuscalho no Montinho o día 6 de agosto.

A Xunta de Goberno Local acorda cederlle as vallas solicitadas.

Lese o escrito RE 4.837 de data 23 de xullo de 2015, presentado por D. DAMIAN ALONSO ALONSO, en representación de ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, solicitando:

- Entrega das chaves dos camerinos do Auditorio de San Bieito e 40 sillas para invitados o día do pregón.
- Ambulancias para a carreira pedestre e para a marcha cicloturista.
- Un palco de 8x6 para o día 8 de agosto no auditorio de San Bieito.
- Un palco de 12x6 para o día 9 de agosto na alameda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se lle entregarán as chaves do camerino que deberán devolvelas ó rematar as festas. Haberá ambulancias o día da carreira pedestre pero non na marcha cicloturista.

### **PUNTO 5.- TAXAS DA PRAZA DE ABASTOS**

---

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XUÑO DE 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**PUNTO 6.- DAR CONTA DOS INFORMES DE SERVIZOS SOCIAIS**

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 21 de xullo de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. C.G.F.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 15 de xullo de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>.L.V.B.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por 45 horas mensuais.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 22 de xuño de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. O.F.V.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por 45 horas mensuais.

*Sendo as trece horas e dez minutos o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.*